

“PLAN DE CONTINXENCIA DO CEIP DO PINDO”

O Plan de Continxencia do centro educativo CEIP DO PINDO ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

INDICE:

- 1. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN GROMO.**
- 2. ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.**
- 3. MEDIDAS PARA O REINICO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

1.-ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN GROMO NO CENTRO EDUCATIVO

A. Que se fai ante un caso confirmado de Covid19?

- **Comunicación as familias.**
- **As comunicacións coas familias por parte do centro** educativo faraaas a directora do centro ou persoa do equipo que este ao cargo, no caso de baixa da coordinadora, **a través de Abalar.**
- **Identifícanse contactos estreitos.**
- **Recomendase que o caso confirmado ou a persoa de referencia notifique o resultado positivo ao centro** Para comezar a identificación de contactos estreitos relacionados co centro educativo o antes posible,. Deste xeito, o Equipo Covid poderá comezar a recompilar a información necesaria para a identificación dos contactos estreitos.
- Dende a Consellería de Educación habilitase unha **canle informática, denominada “EduCovid”, específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos próximos dos casos confirmados.** A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que o Centro de Seguimento de Contactos (CSC) alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro.
- No caso de que **o Centro de Seguimento de Contactos (CSC)** teña confirmación dun **caso positivo** dunha persoa que sexa alumno/a dun centro escolar ou dun profesional que traballe no mesmo, **incluírá a información na aplicación informática onde solo resultara visible para o equipo COVID do centro escolar.**
- **Unha vez confirmado un diagnostico Covid-19 no centro** de ensino, a coordinadora do **Equipo Covid** deberá porse en contacto coa **Central de**

seguimento de contactos (CSC) para identificar os contactos estreitos do ámbito educativo.

- A CSC porase en contacto co caso confirmado ou coa persoa de referencia, para facilitarlle as indicacións de illamento, realizar a enquisa epidemiolóxica e identificar os contactos estreitos do ámbito persoal do caso. Deste xeito, unha vez localizado o centro, a CSC envía unha notificación ao Equipo Covid, a través da aplicación EduCovid solicitando os contactos estreitos do caso que se produciran no ámbito educativo.
- **O persoal da CSC axudará ao Equipo Covid a identificar e elaborar a listaxe de contactos estreitos do caso.** Estes contactos estreitos poderán seleccionarse da “Rede de contactos” proposta por EduCovid, na que se inclúen compañeiros de clase, de comedor, de transporte, profesorado e outros (coma os recreos, etc...).
- Se algún contacto estreito do caso non se atope dentro desta rede de contactos, o Equipo Covid deberao incorporar de forma manual. Unha vez definida a listaxe de contactos estreitos que precisan corentena, e tras ser acordada co persoal asignado da CSC, o Equipo Covid enviará a listaxe de contactos estreitos á CSC a través da aplicación EduCovid.

En todo este proceso, esixirase extremar a confidencialidade profesional acerca da información da persoa diagnosticada da Covid.

❖ **Tras a aparición dun caso confirmado da Covid-19 **seguíranse, en todo momento, as instrucións da Autoridade Sanitaria.** A CSC encargarse da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.**

B. Que se fai cando unha persoa presenta síntomas compatibles coa Covid-19?

- **Non asistirán ao centro aqueles** estudantes, docentes e outros profesionais **que teñan síntomas compatibles con COVID-19**, así como **aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19**, ou **en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.**

Considerase contacto estreito calquera persoa que compartise espazo coa persoa diagnosticada con Covid a menos de 2 metros durante máis de 15 minutos salvo que se poida asegurar que se realizou un uso adecuado da máscara.

- No caso de que **se detectase sintomatoloxía compatible na casa**, o **alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará cocentro de saúde de referencia** do alumno/a dentro das seguintes 24 horas **e con algunha das persoas membros do equipo Covid á maior brevidade posible**. Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.
- Diante dunha **persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo** seguirase o protocolo de actuación do centro :
 - Co ALUMNADO
 - **Contactarase coa familia** e coa coordinadora da Covid-19 no centro educativo.



- Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal.
- **En caso de presentar síntomas de dificultade respiratoria chamarase ao 061. Neste caso seguir as instrucións do centro de saúde.**
- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
 - máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
 - De forma **excepcional** e no caso específico de que **o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara** por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, **a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable.** Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por outro membro do equipo Covid-19 do centro educativo no patio cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada (aula ao lado da de illamento).

A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

- **A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra** para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.



- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na resolución que se dite aos efectos do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022 así como para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia.

○ TRABALLADORES DO CENTRO

- O/A traballador/a que inicie síntomas **chamará ao seu médico** ou centro de saúde e debe **abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara**, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, **a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.**

- No caso de comunicación ao centro educativo por parte do seu persoal ou de algún alumno/a da aparición dun caso confirmado, o equipo COVID do centro incluírá a información dos posibles contactos estreitos do afectado/a, entre eles o compañeiros/as de aula, os mais próximos dentro da mesma e o profesorado que imparte clase nese grupo, os compañeiros/as do transporte e do comedor escolar, os compañeiros do transporte particular no que viaxan varios nenos do centro, así como aquela información sobre outros contactos vinculados ao centro educativo que poidan achegar voluntariamente os pais, nais ou titores/as legais. Esta información facilitarase sempre por petición de sanidade a través de EduCovid. O rastrexo doutros eventuais contactos doutros ámbitos, incluídos os das actividades extraescolares terán que ser recollidos polo SERGAS. A mesma información será remitida cando o CSC, o SERGAS ou a xefatura territorial da consellería de Sanidade solicite información no caso de que exista casos sospeitosos por sintomatoloxía compatible con COVID-19 que estean a ser investigados ou nos que existan indicios de que teñan xurdido no centro educativo.
- Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 **segúranse as recomendacións do CSC , no caso de gromo,da Xefatura Territorial de Sanidade**, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.
- A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
- **A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.**

- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en **illamento de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.**
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

2.-ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

Garantirase a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial segundo o establecido neste Plan de Continxencia.

- ❖ **O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo.** O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
- ❖ Durante os meses de setembro e outubro o profesorado familiarizase co funcionamento da aula virtual e familiarizará ao alumnado. Os centros realizarán de xeito inmediato e periodicamente simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche.

- ❖ O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos. O equipo Covid solicitará información as familias sobre as dificultades de conexión a internet/ou falta de equipamento. Esta información recollerase nunha folla de rexistro. Así mesmo tamén se pedirá esta información ao profesorado.
- ❖ Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
- ❖ **Os centros comunicarán as familias a concreción do protocolo en caso de peche** para que sexa coñecido e podan contribuír ao proceso educativo.
- ❖ A concreción das necesidades de recursos para o ensino a distancia derivadas dunha situación de peche manterase debidamente actualizada en coordinación coa inspección educativa.
- ❖ Para garantir a continuidade, o centro dispón dunha **planificación horaria** de traballo (**Ver HORARIO ESPELLO**) do profesorado do grupo co alumnado que reflicta o establecido no modo presencial de xeito que se manteña o vínculo co alumnado do xeito máis coherente posible tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve.
- ❖ Este horario para o docencia a distancia, **é de obrigado cumprimento para o alumnado e profesorado**, e referencia para as familias.
- ❖ Está ordenado de xeito similar ao ensino presencial, permita avanzar nas programacións das áreas, ámbitos, materias ou módulos pero sen obrigar ao alumnado e ao profesorado a unha conexión continua, para conseguir que o proceso ensino aprendizaxe sexa o máis efectivo posible.
- ❖ **As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando seu dereito ao lecer e ao descanso.**
- ❖ **O profesorado realizará o seguimento do alumnado** impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo



profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

- ❖ **Cando durante o peche ou confinamento parte do profesorado afectado se atope de baixa será o equipo docente** (departamento, equipos de ciclo, etc) co apoio da persoa Coordinadora TIC /eDixgal **quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou a alta do/a docente.**

PERIODO DE SUSPENSION

(Aula pechada ou centro)

- ❖ Durante o período de suspensión da actividade presencial **o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:**
 - **Comunicación as familias.O mesmo día do peche:**
 - **A dirección do centro** enviará unha **comunicación a través de abalarMóbil** e publicará unha nova na web do centro
 - **O profesorado habilitará na aula virtual** do centro os recursos e as actividades iniciais **e trasladará orientación ás familias**, especialmente para o alumnado menor idade, **a través da aplicación abalarMóbil ou a través da aula virtual**. Estes recursos poderán remitirse aos libros de texto, a fichas específicas e a actividades en liña, entre outros.
 - **Durante o peche ou confinamento o profesorado continuará co seu labor docente**
 - **A actividade educativa** durante o peche ou confinamento estará **sometida aos principios xerais de inspección** educativa previstos no Decreto 99/2004, do 21 de maio, polo que se regula a organización e o funcionamento da Inspección Educativa e o acceso ao corpo de inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de

Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento, especialmente no relativo ao previsto nas aliñas a), b) c) e d) do Artigo 6, podendo requirir acceso aos servizos de auditoría e rexistro das citadas ferramentas de acordo co previsto nesta normativa.

- **Garantirase en todo momento a atención a diversidade do alumnado** para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade, de ser o caso.

- **Contacto co alumnado**

- **Manter o contacto permanente co alumnado** e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia. Con Abalar Móbil, correo electrónico, aula virtual, coa aplicación webex, ou vía telefónica, con número oculto se se emprega o teléfono persoal.

- **Como se impartirá o ensino**
 - Empregaranse unicamente medios corporativos facilitados pola Consellería para cumprir a Lei de protección de datos vixente e garantir a unificación de actuacións a nivel de centro. son aquelas determinadas polo responsable de tratamento de datos da Consellería de Cultura Educación e Universidade, dispoñibles en “Servizos Dixitais Educativos” (<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais>)
 - Para o normal desenvolvemento da actividade educativa nos centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade empregaranse unicamente as ferramentas e aplicacións aportadas pola consellería de Cultura, Educación e Universidade e que contan con todas as garantías previstas na normativa vixente a través da AMTEGA como encargada de tratamento.

Manterase actualizada aula virtual para garantir a continuidade do proceso de ensinoaprendizaxe

En caso de peche ou confinamento dunha aula :

- **Seguirase o HORARIO ESPELLO:** horario para o docencia a distancia, de **obrigado cumprimento para o alumnado e profesorado**, e referencia para as familias. Establece un orde no proceso formativo similar ao ensino presencial, permite avanzar nas programacións das áreas, ámbitos, materias ou módulos pero sen obrigar ao alumnado e ao profesorado a unha conexión continua, para conseguir que o proceso ensino aprendizaxe sexa o máis efectivo posible.
- **O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario** (agás que este se atope de baixa médica) do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como:
 - **A aula virtual do centro** de cada grupo preferentemente, <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippindo/aulavirtual>,
 - **servizo de vídeo conferencia webex** <https://eduxunta.webex.com>
 - Mensaxería mediante abalar móbil ou correo corporativo.
- **Levarase un control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos** que realizará diariamente o profesor mediante as ferramentas habituais, e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica.
- **As normas de ensino non presencial son as mesmas que no ensino presencial** coas adaptacións que procedan motivadas pola metodoloxía empregada.
- **Traballarase coa aula virtual a partires de 3º de educación primaria.**

➤ **O alumnado de 1º,2º de E. Primaria e alumnado de infantil**

- ❖ **O titor titora establecerá contacto coas familias para arbitrar as comunicacións**, o equipo docente correspondente (coordinado polo profesorado titor) elaborará unha proposta de actividades educativas. Esa proposta entregaráse á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras dese alumnado, para a súa realización pola alumna ou polo alumno e posterior devolución ao mesmo equipo.
 - ❖ As actividades serán enviadas por correo corporativo, por abalar ou aula virtual
 - ❖ Arbitrarase coas familias as posibles videoconferencias seguindo o horario espello.
- **O docente ten obriga de conectar co seu alumnado** utilizando os servizos dixitais educativos corporativos. Isto incluírá a obriga de acender a súa cámara a fin de atender o dereito á educación, sempre que sexa necesario para facilitar a comunicación e comprensión do material educativo
- O/a docente terá **a obriga de utilizar as ferramentas de teleformación** que determine o titular do centro educativo co seu alumnado en situación de corentena domiciliaria cando o resto da clase asista de xeito presencial, salvo baixa médica ou calquera outra circunstancia debidamente xustificada.

ALUMNADO ILLADO OU EN CONFINAMENTO

Aquel alumnado que, por motivos de saúde, non poida asistir ao centro educativo por un período de tempo continuado menor ao requirido para a solicitude de atención educativa domiciliaria.

As familias deben enviar ao centro o debido informe médico de illamento

Alumnado de 3º,4º,5º de E Primaria.

Traballará a través da aula virtual. E terá videoconferencias co profesorado comunicadas con anterioridade dentro do período lectivo.

Alumnado de Educación infantil e 1º,2º de E. Primaria.

- ❖ **O titor titora establecerá contacto coas familias para arbitrar as comunicacións alternativas.**
- ❖ **Utilizarase aula virtual preferentemente para o envío de actividades.**
- ❖ As actividades poden ser enviadas por correo corporativo ou por abalar.
- ❖ O equipo docente correspondente (coordinado polo profesorado titor) elaborará unha proposta de actividades educativas. Esa proposta entregaráselle á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras dese alumnado, para a súa realización pola alumna ou polo alumno e posterior devolución ao mesmo equipo.
- ❖ Arbitrarase coas familias as posibles videoconferencias.
- ❖ **O alumnado en illamento contará co debido informe médico.** Ese alumnado considerárase escolarizado a todos os efectos e as ausencias ao seu centro docente durante ese período de tempo, referidas no dito informe, entenderanse todas xustificadas
- **O docente ten obriga de conectar co seu alumnado** utilizando os servizos dixitais educativos corporativos. Isto incluírá a obriga de acender a súa cámara a fin de atender o dereito á educación, sempre que sexa necesario para facilitar a comunicación e comprensión do material educativo e mesmo cando se atope en situación de corentena ou confinamento total ou parcial.
- **Non será obrigado a conexión nos casos** de baixa médica ou impedimento xustificadas sempre que dispoña dos medios técnicos e organizativos necesarios.

DOCENTE ILLADO OU CONFINADO

- Cando un **docente está confinado, ten a obriga de conectar co seu alumnado.**
 - Se o alumnado está confinado tamén debe conectarse.
 - Se o alumnado acude ao centro educativo, estará supervisado por outro docente do centro durante a conexión co docente confinado.
- **No suposto de confinamento de todos os docentes,** comunicariase as familias cerráranse as aulas mentres non houberse docentes que puidesen atender ao alumnado no centro.
- **Docentes de baixa:** Faise cargo do alumnado o equipo docente ata incorporación dun substituto.

Reunións de coordinación e seguimento

As persoas docentes están obrigadas a participar nas reunións telemáticas de acordo coa normativa vixente podendo utilizar a videoconferencia, a audioconferencia ou o correo electrónico para eventuais procesos de votación) sempre que se asegure:

- A identidade das persoas membros ou suplentes.
- O contido das súas manifestacións.
- O momento no que estas se producen.
- A interactividade e intercomunicación entre eles en tempo real e
- A dispoñibilidade de medios durante a sesión.

E todo proceso

- Seguiranse sempre as instrucións que indique a Consellería de educación.

- Para uso dos servizos dixitais séguense as **Instrucións do 14 de decembro de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade relativas ao uso dos servizos educativos dixitais corporativos no marco da emerxencia sanitaria derivada da pandemia por Covid-19**

http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/instruccion_para_o_uso_dos_servizos_educativos_dixitais_corporativos_para_sinatura.pdf

- Seguirase e revisarase o protocolo para buscar posibles eivas para facer as modificacións que se estimen necesarias.

3.-MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

- O reinicio das actividades lectivas presenciais será comunicado as familias a través de Abalar Móbil
- Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana.

Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos: Analizar a situación dos espazos, dos tempos e das súas necesidades.

Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 día

Considerando as características singulares do noso centro, en canto o número de alumnado (37 alumnos/as), a incorporación do alumnado será completa posto que contamos con grupos reducidos

Obxectivos:- Formar de novo ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.

Fase 3 (Fase de reactivación)

Duración: Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado

Obxectivos: - Retomar a actividade presencial dentro da nova normalidade.

Este plan é adaptable e modificable no que toda a comunidade pode participar.

Esta suxeito a modificacións que o adapten a realidade do centro segundo vaian aparecendo incidencias.

O Pindo ,9 de setembro de 2.022.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP do PINDO

Estrada de Muros s/n
15296 O Pindo-Carnota
Tlf.881866087- 881866088
ceip.pindo@edu.xunta.e



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP do PINDO

Estrada de Muros s/n
15296 O Pindo-Carnota
Telefax:881866087/88

ceip.pindo@edu.xunta.es